

- Comentario e interpretación de planos urbanos: plano urbano de Pamplona



Estamos ante unha representación do plano urbano de Pamplona, capital de Navarra. Nesta imaxe podemos apreciar a súa estrutura urbana, que é o resultado dun longo proceso histórico de sedimentación de etapas diversas. Como cidade española típica, Pamplona presenta unha morfoloxía complexa na que se distinguen claramente tres grandes unidades morfolóxicas: a cidade preindustrial ou casco antigo, a cidade industrial representada polos ensanches e barrios obreiros, e a periferia ou cidade postindustrial.

Atendendo á súa situación, Pamplona sitúase nun punto estratéxico de contacto entre a montaña e a chaira, funcionando historicamente como un nó de comunicacións (entre a Meseta, o val do Ebro e Europa a través dos Pireneos). En canto ao seu emprazamento, a cidade aséntase sobre unha terraza fluvial elevada sobre o río Arga, unha localización que responde a factores defensivos e de control do territorio, características propias das cidades de orixe medieval.

A análise deste plano permítenos observar como o trazado evolucionou desde o plano irregular e a trama compacta da etapa medieval, pasando polo plano ortogonal e xeométrico do ensanche burgués, ata chegar á actual configuración da cidade difusa e ás áreas de expansión periférica.

En primeiro termo distinguimos o casco vello. Correspóndese coa cidade preindustrial, orixinaria, distinguíbel na imaxe polo seu plano irregular. Hoxe en día é unha zona de pouca extensión dentro das cidades, pero posúe gran valor por conter a pegada do pasado histórico e cultural.

En España soen ter unha orixe medieval e unhas características comúns que aquí podemos apreciar: estaban rodeadas de murallas (aquí perdéronse), tiñan plano irregular e trama pechada con vivendas unifamiliares que incluían hortas. Existía unha especialización por barrios de artesáns e comerciantes.

O casco antigo reflicte o pasado histórico, pero tamén os cambios experimentados pola cidade nos séculos XIX e XX. Ata mediados do século XIX, a cidade medra dentro das murallas. Co tempo densifícase e as vivendas unifamiliares son substituídas por construción vertical. A mediados do XIX derrúbanse as murallas e iníciase a construción do ensanche. Para comunicar a cidade antiga coas novas zonas ou coas estacións de tren, ábreanse grandes avenidas e a cidade comeza a reflectir a división social propia da sociedade industrial: burguesía vs. proletariado.

A finais dos anos 70 iníciáanse plans de renovación e rehabilitación. Hoxe é un espazo moi valorado pola súa centralidade e polo seu valor histórico e patrimonial. Experimentou un proceso de terciarización e os usos do solo destínanse a actividades administrativas, comerciais, artesanais e residenciais. A cotío coexisten distintos grupos sociais, con xerarquización do espazo urbano: elites, traballadores e minorías étnico-relixiosas.

No plano de Pamplona destaca a existencia dun recinto fortificado (a Cidadela), xusto ao lado do casco antigo. Obsérvase unha gran fortaleza con planta estrelada ou poligonal, podemos pensar que de orixe medieval ou moderna, cunha función defensiva.

En segundo termo, podemos distinguir a parte da cidade correspondente ao ensanche decimonónico, recoñecible polo seu plano ortogonal. Entre mediados do século XIX e o primeiro terzo do XX, a industria moderna atraeu poboación rural ás principais cidades industriais, provocando a expansión urbana máis alá das murallas. Así, xorden estes ensanches burgueses, paralelamente a zonas industriais, barrios obreiros e, nalgúns casos (que aquí non logramos recoñecer na imaxe), barrios axardinados.

O ensanche burgués supuxo o derrubamento das murallas e a creación de paseos de rolda ou bulevares que separan o casco antigo da nova cidade. Constrúese segundo os intereses da burguesía, con plano regular, servizos e equipamentos modernos. Porén, a partir do século XX a trama densifícase, elimínanse espazos verdes para construír, a edificación verticalízase e o ensanche adquire funcións terciarias: comercios e oficinas substitúen as vivendas.

As industrias situáronse na periferia da época, preto de camiños ou estacións de ferrocarril, e xunto a elas xurdiron barrios obreiros, sen planificación previa (plano maioritariamente irregular, trama densa e pechada, vivendas pequenas e de baixa calidade e falta de dotacións e equipamentos). Hoxe aparecen integrados na cidade grazas á mellora dos transportes e dos equipamentos.

Por último, na parte oeste da cidade de Pamplona observamos a periferia. Como noutras cidades españolas, Pamplona, a partir dos anos 50, experimenta unha gran expansión fóra dos límites do ensanche, configurando a súa periferia baixo un modelo compacto. A cidade esténdese de forma contigua ao longo dos principais eixes de comunicación, cunha trama variada pero de alta densidade, con edificios en altura (verticalización) para aproveitar o solo.

No mapa recoñécense os diferentes tipos de barrios que xorden nesta época, como os barrios de promoción oficial e polígonos de vivenda privada, que presentan unha trama máis aberta que o casco vello pero con bloques de pisos moi altos e densos, destinados á clase media. Xunto ás vías de acceso tamén se formaron áreas industriais e de equipamento (como a Universidade de Navarra ou o Complexo Hospitalario de Navarra).

A partir do último cuarto do século XX, Pamplona, ao igual que o resto de cidades españolas, experimenta un cambio radical na súa expansión que dá lugar ao que chamamos "cidade difusa": o crecemento xa non se produce de forma contigua ao centro, senón que "salta" o espazo urbanizado para espallarse por todo o territorio. É unha ocupación dispersa que difumina os límites entre o rural e o urbano. Esta nova estrutura de cidade fragmentada obriga a un uso intensivo do transporte privado, xa que as distancias entre o fogar, o traballo e os servizos aumentan considerablemente.

En conclusión, o plano de Pamplona é un reflexo perfecto da evolución urbana española: desde o abrigo das murallas e a Cidadela medieval, pasando pola orde xeométrica da burguesía no ensanche, ata a fragmentación actual da cidade difusa, onde a periferia se converte nun espazo multifuncional e disperso.

Resposta modelo.

Introdución, análise e comentario, conclusión ou peche.

Empregando exclusivamente os apuntamentos